Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 20 DE NOVEMBRO DE 2026 | VIERNES, 20 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 223

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Composición da mesa de contratación permanente da Alcaldía do Concello de Dodro

ANUNCIO

Publícase para xeral coñecemento o seguinte acordo adoptado por Resolución da Alcaldía núm 630/2026 do 05/11/2026:

Primeiro.- Modificar a composición da mesa de contratación permanente da Alcaldía do Concello de Dodro de xeito que quede integrada polos/as seguintes membros:

PRESIDENTE/A:

Titular: concelleiro de ordenación do territorio, obras e servizos, cultura e patrimonio.

Suplente: concelleira de servizos sociais, igualdade e relacións veciñais.

VOGAIS:

Titular: secretario/a-interventor/a do Concello de Dodro

Suplente: quen legalmente o/a substitúa

Titular: funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a que ocupe o posto de administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

Suplente: funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a que ocupe o posto de auxiliar administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

Titular: funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a ou persoal laboral da área para a que se tramite a contratación. (1)

Suplente: funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a ou persoal laboral da área para a que se tramite a contratación.

SECRETARIO/A DA MESA:

Titular: técnico/a de xestión económica, funcionario/a de carreira do Concello de Dodro ou funcionario/a interino/a que a substitúa.

Suplente: funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a que ocupe o posto de Auxiliar Administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

Todos os membros da mesa terán voz e voto, a excepción do/a secretario/a da Mesa que só terá voz.

No caso de que a un/unha mesmo/a membro lle corresponda suplir máis dunha ausencia, resolverase cubrindo en primeiro termo a secretaría da mesa e en segundo termo a vogalía.

(1)

SERVIZOS XERAIS:

Titular: encargado/a da biblioteca funcionario/a ou funcionario/a interino/a que a substitúa.

Suplente: funcionario/a de carreira ou funcionario/a interino/a que ocupe o posto de auxiliar administrativo/a de Servizos Xerais entre tanto non se cubra a praza de xeito definitivo.

SERVIZOS SOCIAIS:

Titular: traballador/a social funcionaria ou funcionario/a interino/a que a substitúa.

Suplente: traballador/a social, funcionario/a interino/a.

Número de anuncio 2026/7564

OBRAS E SERVIZOS:

Titular: técnica/o de urbanismo, obras e medio ambiente, funcionaria/o interina/o ou funcionario/a interino/a que a substitúa.

Suplente: operario/a de servizos varios, persoal laboral fixo.

CULTURA:

Titular: técnico/a de xestión cultural, persoal laboral fixo.

Suplente: encargada/o da biblioteca funcionaria/o ou funcionario/a interino/a que a substitúa.

DEPORTES:

Titular: técnico/a deportivo, persoal laboral fixo.

Suplente: encargada/o da biblioteca funcionaria/o ou funcionario/a interino/a que a substitúa.

Segundo.- Publicar a modificación da composición da mesa de contratación permanente do órgano de contratación Alcaldía do Concello de Dodro no perfil do contratante e no Boletín Oficial correspondente.

Terceiro.- Comunicar este acordo ás persoas designadas. A nova composición aplicarase ás sesións correspondentes aos expedientes de contratación que se inicien trala publicación referida.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se realice.

Dodro, 17 de novembro de 2026

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

2026/7564

Número de anuncio 2026/7564